Diagnose Inicial

COOPERACIÓN GALEGA; O MUNDO QUE QUEREMOS

Solidariedade Internacional de Galicia, SIG
Asociación Galega de Reporteiros Solidarios, AGARESO
Fundación Educación e Cooperación, EDUCO

XUNTA DE GALICIA

cooperacióngalega

O Mundo que queremos

Estudo realizado por Wayna Consultora SL
Decembro 2017

ÍNDICE

Páxina

1. Descrición da intervención 2

2. Metodoloxía empregada 4

3. Análise dos resultados 6

3.1. Ámbito de intervención: os centros educativos 6

3.2. Profesorado participante 9

3.3. Situación inicial do alumnado 14

1. DESCRICIÓN DA INTERVENCIÓN

Ficha resumo do proxecto.

TÍTULO:	*COOPERACIÓN GALEGA; O MUNDO QUE QUEREMOS.*		
ONGD SOLICITANTE:	*Solidariedade Internacional de Galicia.*		
ONGD AGRUPADA:	Asociación Galega de Reporteiros Solidarios, AGARESO. *Fundación Educación y Cooperación, EDUCO*		
PAÍS:	*España, Galicia*	**ORZAMENTO:**	*75.621,20 €*
FINANCIADORA:	*Xunta de Galicia*	**SUBVENCIÓN:**	*70.000,00 €*
INICIO:	*Xuño 2017*	**FINALIZACIÓN:**	*Agosto 2018*
SECTOR:	*Sensibilización sobre os problemas relacionados co desenvolvemento, CRS 99820*		
OBXECTIVO XERAL:	*Fomento dunha adolescencia galega consciente da interconexión entre realidades locais e dinámicas globais e apoio no exercicio da súa corresponsabilidade na construción da xustiza social.*		

O presente proxecto está liderado por Solidariedade Internacional de Galicia (SIG) en agrupación coa Asociación Galega de Reporteiros Solidarios (AGARESO) e a Fundación Educación y Cooperación (EDUCO), financiado a través dun convenio de colaboración pola Xunta de Galicia.

Baixo o título "Cooperación Galega; o mundo que queremos" (OMQQ), este proxecto apunta a tres das dimensións da Educación para o Desenvolvemento: sensibilización, incidencia social e formación, sendo esta última a de maior peso. A intervención conta cunha importante traxectoria previa ao ser esta a súa quinta edición, comezando no curso 2013-2014.

OMQQ oferta un programa de sensibilización e formación a un amplo número de estudantes de educación secundaria (estimación inicial de 800), así como o apoio ao seu profesorado (estimación inicial de 20), que se desenvolve ao longo do curso académico nos centros educativos participantes. Este programa estrutúrase como metáfora dunha viaxe cara ao mundo que queremos: partindo dunha sesión inicial de introdución a conceptos clave, seguido de dúas sesións de comunicación comunitaria (obradoiros de radio e fotografía), unha sesión de Teatro da Oprimida, unha visita de dúas mulleres do *Centro de Estudios de la Mujer* de Honduras e un acto final de incidencia. Así, esta viaxe está planificada con seis paradas:

PARADA 1. Que é a cooperación internacional e que pretendemos con este proxecto? Alternativas do mundo que queremos.

PARADA 2. A comunicación como ferramenta de cambio social

PARADA 3. Aprender facendo, construíndo discurso.

PARADA 4. Teatro da oprimida.

PARADA 5. Unha visita moi especial de Honduras.

PARADA 6. Fin de traxecto. Queremos alzar a voz.

Este programa enténdese como una formación teórico-práctica, fomentando a participación activa do alumnado en cada obradoiro. Así mesmo, a derradeira parada enténdese como acto final no que sacar das aulas o proxecto para organizar unha acción de incidencia política na que xerar vínculos entre a dimensión global e a realidade da contorno dos centros.

En comparanza co resto de proxectos de EpD financiados pola Xunta de Galicia, OMQQ diferénciase fundamentalmente en dous eidos. En primeiro lugar, por tratarse dun proxecto que se enmarca no *Plan Proxecta* da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia[1] cuxo obxectivo fundamentar é o fomento da innovación educativa. Así, os centros interesados en participar deben de solicitalo a través de dita consellería, cumprindo tanto os centros como as ONGD organizadoras todos os requirimentos establecidos no *Plan Proxecta*.

En segundo lugar, por ser un proxecto ideado e executado de xeito colaborativo por entidades con ampla traxectoria no eido da EpD en Galicia. Nesta edición son tres as entidades que lideran con maior peso a intervención (SIG, EDUCO, AGARESO) e dúas participan sen ser formalmente parte do consorcio (Asemblea de Cooperación Pola Paz, ACPP, e o "Grupo de Teatro dx Oprimidx 100Tolas"). Todas as entidades participan en OMQQ desde a primeira edición, agás ACPP que se incorporou na segunda, polo que todas elas teñen un total coñecemento do que é e como funciona o proxecto.

[1] Máis información do Plan Proxecta en https://www.edu.xunta.gal/portal/planproxecta.

2. METODOLOXÍA EMPREGADA

O **obxectivo xeral** deste estudo é analizar a situación global de partida da poboación beneficiaria directa do proxecto *Cooperación Galega; o mundo que queremos*. Así, a finalidade é obter unha descrición real dos centros educativos de secundaria participantes, do seu alumnado e profesorado.

Atendendo ao documento de formulación, o alumnado participante ascende a 800 persoas (440 rapazas e 360 rapaces) e o profesorado implicado a 20 (11 mulleres e 9 homes). Non obstante, segundo as memorias de solicitude elaboradas polos propios centros (cos datos actualizados de participación) son 463 estudantes (53% rapazas) e 24 docentes (63% profesoras).

Así mesmo, como obxectivo complementario establécese que a intención deste estudo é aportar recomendacións de cara á mellora da implementación da intervención. Deste xeito, coñecer a realidade dos centros no curso 2017-2018 e as demandas e suxestións do propio profesorado contribuirá a unha execución máis eficaz e eficiente. O coñecer o punto de partida pode axudar tamén a mellorar a calidade da avaliación final da intervención ao contar cun punto de comparanza nalgún elemento.

Para a recompilación e análise da información empregaranse como fontes as seguintes:

1) A documentación do proxecto proporcionada polo consorcio de ONGD coordinadoras: documento de formulación, avaliación externa do proxecto na edición anterior, a programación das actividades, as memorias de solicitude do Plan Proxecta elaboradas polos centros. Tamén se revisou a web propia do proxecto (así como as súas redes sociais) e as web dos centros que dispoñen dela.

2) A información proporcionada polo profesorado implicado no proxecto. Neste caso os métodos para obtela foron dous.

- Unha sesión de traballo conxunto presencial na que a través dunha entrevista grupal semiestruturada e diversas dinámicas foise recompilando a información. Esta sesión celebrouse o 27 de novembro de 2017 en A Coruña, no Campus Elviña, aproveitando a convocatoria da primeira sesión de traballo de *O mundo que queremos*. A esta sesión asistiron 5 profesoras: 2 do IES

Fonmiñá, 2 do CPR Fogar de Santa Margarita e 1 do IES Fernando Wirtz (quen por motivos persoais non puido participar na totalidade da sesión).

- Co obxecto de suplir a ausencia da metade dos centros na primeira sesión, decidiuse elaborar un cuestionario online enviado ao profesorado dos centros que non asistiron para recompilar a información pertinente. Neste caso, obtívose resposta do IES Brión, do CPR La Inmaculada e do IES Fernando Wirtz.

3) Deseño de un cuestionario con preguntas pechadas en relación ao seu coñecemento e actitudes fronte as temáticas tratadas en OMQQ cuberto polo alumnado ao inicio do proxecto[2].

Por cuestións loxísticas e de organización de tempos nos centros, os cuestionarios foron realizados na aula baixo a supervisión da monitora da primeira actividade do proxecto. Estas dificultades propiciaron que a mostra participante fora tan só dun 17% do alumnado total finalmente participante. Así, un total de 78 estudantes cubriron o cuestionario (34 rapazas e 44 rapaces) de 3 centros diferentes: 25 do IES Fernando Wirtz (8 rapazas e 17 rapaces), 24 do IES Brión (13 rapazas e 11 rapaces) e 29 do CPR Fogar de Santa Margarita (13 rapazas e 16 rapaces).

[2] O modelo de cuestionario, así como o tratamento en bruto das respostas, entréganse nun arquivo por separado a este.

3. ANÁLISE DOS RESULTADOS

3.1. ÁMBITO DE INTERVENCIÓN: OS CENTROS EDUCATIVOS

Nesta edición de *O mundo que queremos* foron seleccionados 6 centros participantes: 4 institutos de educación secundaria (IES) e 2 centros privados (CPR). Destes centros, 3 son da provincia de A Coruña, 2 de Pontevedra e 1 de Lugo.

- ✓ IES Fonmiñá, en Pastoriza (Lugo).
- ✓ IES Fernando Wirtz, en A Coruña.
- ✓ IES Brión, en Brión (A Coruña).
- ✓ IES Castro Alobre, en Vilagarcía (Pontevedra)
- ✓ CPR Plurilingüe Santa Margarita, en A Coruña.
- ✓ CPR Plurilingüe María Inmaculada, en Marín (Pontevedra).

IES Fonmiña.
Centro pequeno nunha zona caracterizada por ser eminentemente rural e moi dispersa. A súa oferta educativa é de tan só secundaria. Contan con un grupo de estudantes por cada un dos catro cursos, chegando a 56 alumnas e alumnos. O claustro de profesorado está conformado por 16 persoas.

A poboación inmigrante nas aulas é moi reducida (tan só tres estudantes) e tampouco teñen un número elevado de alumnado con necesidades educativas específicas. O profesorado entrevistado recoñece que *"en xeral non é un centro conflitivo"*.

Este é o segundo ano consecutivo que este centro participa en OMQQ, ademais este ano participan tamén noutro Plan Proxecta: Quérote.

Afirman que a súa biblioteca ten moita actividade grazas á implicación da persoa que a coordina. Tamén o departamento de orientación, traballando en temáticas como igualdade de xénero, prevención da violencia, bullying e cyber-bullying, habilidades sociais,...

CPR Fogar de Santa Margarita.
Este centro é totalmente urbano, situado no centro de A Coruña, de titularidade privada e cunha oferta formativa ampla: educación infantil, primaria, secundaria, bacharelato e formación profesional.

Conta con arredor de 80 profesoras e profesores para aproximadamente 1000 estudantes. Neste caso existe unha porcentaxe elevada de poboación inmigrante, polo que dáselle moita importancia ás accións de mellora da convivencia. Neste curso académico teñen en marcha un proxecto propio relacionado coa interculturalidade. O seu departamento de orientación tamén implementa actividades nas temáticas típicas dos centros educativos.

IES Fernando Wirtz.
Este instituto é totalmente urbano, tamén do centro da cidade de A Coruña, e dun tamaño considerable cun número de alumnado preto ás 800 persoas dos diferentes niveis educativos: ofertan educación secundaria obrigatoria, bacharelato, formación profesional e educación secundaria para persoal adultas (con quendas de diúrno e nocturno).

A profesora entrevistada recoñece que o seu alumnado é moi variado e cunha porcentaxe de poboación inmigrante elevada.

Este centro xa participara en *O mundo que queremos* no curso 2014-2015, sendo a equipa implicada de docentes diferente.

CPR La Inmaculada.
Este centro de titularidade privada e pertencente á Compañía das Fillas da Caridade sitúase no Concello de Marín. A súa oferta educativa engloba infantil, primaria e secundaria obrigatoria (con dúas aulas por cada curso), polo que o seu tamaño tamén é considerable: arredor de 600 estudantes e un claustro docente de aproximadamente 40 persoas.

Da información proporcionada polo profesorado, é o centro máis activo en canto a outros proxectos ou iniciativas en marcha relacionadas coa Educación para o Desenvolvemento. Así, levan varios anos cun proxecto solidario co alumnado no que, por grupos, deben deseñar unha acción solidaria e levala a cabo. Así mesmo, colaboran con bolsas de estudo e almorzos para Haití, Operación Quilo e diversas campañas (Domund, Manos Unidas, Infancia Misionera).

Están comezando tamén a empregar a metodoloxía educativa Aprendizaxe-Servizo para concienciar ao alumnado nestas temáticas.

IES Brión.
A oferta educativa deste centro inclúe educación secundaria obrigatoria e bacharelato, situado nun espazo rural-urbano (moi preto de Santiago de Compostela). O seu claustro docente está conformado aproximadamente por 36 persoas, cun nivel de rotación de profesorado baixo.

En xeral as profesoras e profesores teñen a súa praza definitiva no centro e, segundo a información aportada, na súa maioría o nivel de implicación en proxectos ou iniciativas relacionadas coa Educación para o Desenvolvemento é baixo.

Un proxecto interesante, e relacionado con OMQQ, é a radio propia que teñen en marcha: Radio emBRION[3]. O profesor encargado deste proxecto de radio é o mesmo que solicitou e coordina o Plan Proxecta no centro, polo que pode facilitar as sinerxías.

[3] Dispoñible desde https://radiodoiesdebrion.wordpress.com/.

IES Castro Alobre.
Este instituto do centro de Vilagarcía de Arousa ten unha oferta educativa ampla: educación secundaria obrigatoria, bacharelato e un ciclo formativo de grao medio. Así mesmo contan cun desdobre de aulas por curso importante. En total teñen aproximadamente 19 grupos da ESO e 8 de bacharelato, o que fai que o número de alumnado sexa considerable (máis de 500 estudantes). Para elo dispoñen dunha equipa docente de entre 60 e 70 persoas.

Neste centro imparten a materia de Voluntariado en 1º da ESO, impartida polo departamento coordinador de *O mundo que queremos*. Ademais teñen varias iniciativas propias de fomento dunha cidadanía activa a través da participación social.

3.2. PROFESORADO PARTICIPANTE

O perfil xeral do profesorado varía considerablemente segundo centro. Así, mentres que no IES Fonmiñá conforman o claustro 16 docentes de ESO (a metade aproximadamente con estabilidade no centro), no CPR Fogar de Santa Margarita son 80 docentes entre educación infantil, primaria e secundaria (a maioría é persoal fixo). En ambos centros afirman que maioritariamente o seu profesorado é colaborador para a posta en marcha deste tipo de iniciativas (e aquelas persoas que non o son, non soen opoñerse ou obstaculizar estes proxectos). Así mesmo, os equipos directivos destes centros amosan unha postura aberta a estas propostas (de feito, as dúas profesoras do IES Fonmiñá que participan no primeiro encontro de OMQQ forman parte do equipo).

No CPR La Inmaculada forman o claustro 40 docentes quen, segundo afirman, maioritariamente non se implican neste tipo de iniciativas por propia iniciativa mais cando se lles solicita a súa participación soen realizar o esforzo (e en ningún caso obstaculizan o traballo). No IES Brión son 36 profesoras e profesores, a maioría con praza definitiva no centro e xeralmente con moi pouca implicación. Por último, as propias características do IES Fernando Wirtz, cunha oferta formativa moi ampla (ESO, Bacharelato, FP, Educación Secundaria para persoas Adultas, formación diúrna e nocturna), fan que conten co claustro máis numeroso: ao redor de 105 docentes.

Deste número amplo de profesorado, inicialmente son 24 as profesoras e profesores que se implican directa na execución de *O mundo que queremos* (63% mulleres), segundo a as memorias de solicitude elaboradas polos propios centros. Repártense segundo centro do seguinte modo:

CENTRO	PROFESORADO IMPLICADO		
	TOTAL	HOMES	MULLERES
IES Fonmiñá	4	1	3
CPR Fogar de Santa Margarita	4	1	3
IES Fernando Wirtz	6	2	4
CPR La Inmaculada	2	1	1
IES Brión	4	2	2
IES Castro Alobre	4	2	2

A información presentada a continuación foi recollida de dous xeitos: 1) presencialmente na sesión de inicio de proxecto[4] a relacionada co IES Fonmiñá (participando 2 profesoras), co CPR Fogar de Santa Margarita (2 profesoras) e, parcialmente, co IES Fernando Wirtz (1 profesora); 2) a través dun cuestionario online para aqueles centros que non asistiron á primeira sesión (CPR La Inmaculada, IES Brión e, parcialmente, o IES Fernando Wirtz)[5].

En primeiro lugar resulta interesante coñecer a motivación do profesorado para participar en OMQQ fundamentalmente por dúas razóns. Por unha banda, para tratar de cumprir coas súas expectativas e necesidades na medida do posible (adaptando as sesións, contidos,...). Por outra, para evitar que existan expectativas non acordes ás posibilidades reais do proxecto, evitando a frustración que pode sentirse ao final da intervención ou incluso durante a execución da mesma. As motivacións iniciais do profesorado e as súas expectativas con respecto a OMQQ son as seguintes[6]:

Queremos sensibilizar ao alumnado sobre as desigualdades globais, tratando de concienciar e implicar aos alumnos na construción dun mundo máis xusto e equitativo.

Que coñezan outras realidades. Fomentar a participación e espírito crítico, e que se cuestionen a información. Que tomen conciencia de que eles e elas poden cambiar o mundo e promover actitudes activas de cambio. Promover a creatividade.

A nosa motivación para participar é mellorar o contexto social do noso centro.

O que quero acadar son as ferramentas que empreguemos, que sexan para eles útiles e os motiven para seguir estudando e traballando.

Puxéronse en contacto con nós desde unha ONG para presentarnos o proxecto. Ese foi o motivo de participar.

O que queremos conseguir é: 1) Concienciar ao alumnado respecto ás desigualdades sociais tanto na súa contorna como en contextos máis afastados; 2) Facer visible a importancia da educación como motor de xustiza social, incidindo na educación da muller en países en vías de desenvolvemento; 3) Desenvolver a conciencia crítica e habilidades para levar a cabo accións que non perpetúen as desigualdades sociais.

A miña motivación é ter as ferramentas necesarias para levar a cabo un proxecto propio co alumnado da ESO, sobre todo de PMAR, traballando o tema da integración dende o propio centro.

[4] Sesión celebrada en A Coruña, no Campus Elviña, o 27 de novembro de 2017.

[5] O IES Castro Alobre non participou nin na sesión inicial nin no cuestionario online, polo que a información empregada deste centro é unicamente a recollida na memoria entregada coa súa solicitude de participación no Plan Proxecta (a cal resulta moi escasa).

[6] Non se identifica a motivación por cada centro para garantir o anonimato das respostas.

En termos xerais, os motivos do profesorado para participar son acordes aos obxectivos de *O mundo que queremos*: sensibilización e formación en relación ás desigualdades sociais e á interdependencia global. Fomentar habilidades entre o alumnado como o pensamento crítico ou actitudes como a solidariedade ou o optimismo cara ao cambio, tamén menciónanse como obxectivo para incorporarse ao proxecto.

De xeito máis específico preguntóuselle ao profesorado sobre cada unha das sesións incluídas no programa de OMQQ. A información considerada máis relevante para a elaboración desta diagnose é: 1) que agardan conseguir coa actividade de forma concreta, 2) que debe ter en conta o persoal do proxecto para implementar a actividade no seu centro (se hai algunha característica ou situación que poida influír na actividade para tela en consideración previamente).

Presentamos a continuación as respostas por cada unha das actividades segundo centro educativo.

OBRADOIRO DE INTRODUCIÓN. Que é a cooperación internacional e que pretendemos con este proxecto? Alternativas do mundo que queremos.		
CENTRO	**QUE AGARDADES DA ACTIVIDADE?**	**QUE DEBEMOS TER EN CONTA PREVIAMENTE PARA REALIZALA NO VOSO CENTRO?**
IES Fonmiñá	*· Que se familiaricen coa terminoloxía. · Que sexan conscientes das desigualdades. · Que vexan as relacións de desigualdade entre o global e o local.*	*· 2º, 3º e 4º da ESO xa participaron en OMQQ. · Presenza de alumnado de orixe inmigrante, só 3 casos (Cuba e República Dominicana).*
CPR Fogar de Santa Margarita	*· Que o poñente e o tema conecten co alumnado. · Que a explicación do que teñan que facer sexa clara.*	*· Son rapaces e rapazas inquedas, non teñen capacidade de escoita activa.*
IES Fernando Wirtz	*· Motivar e implicar ao alumnado.*	*· Atender as propostas do profesorado para motivar ao seu alumnado.*
CPR La Inmaculada	*· Adquirir coñecementos sobre a EpD. · Poder identificar problemáticas locais e analizar a súa incidencia no ámbito global. · Que o profesorado manexe ferramentas e recursos pedagóxicos e didácticos relacionados coa EpD para sermos capaces de acompañar ao alumnado neste e noutros proxectos relacionados.*	*· O perfil do alumnado que, como adolescentes que son, teñen poucas ganas de facer cousas polos demais, cústalles empatizar con realidades que non viven e asumir a súa/nosa parte de responsabilidade. · Non obstante, unha vez que os "pinchas", en xeral son capaces de poñerse "mans á obra" sobre todo se se ven apoiados.*
IES Brión	*· Que sirva de punto de reflexión para o alumnado.*	*· Como chegar mellor aos alumnos/as.*

OBRADOIROS DE COMUNICACIÓN. A comunicación como ferramenta de cambio social. Aprender facendo, construíndo discurso.		
CENTRO	**QUE AGARDADES DA ACTIVIDADE?**	**QUE DEBEMOS TER EN CONTA PREVIAMENTE PARA REALIZALA NO VOSO CENTRO?**
IES Fonmiñá	*· Fomento da lectura crítica dos medios de comunicación.* *· Convertelos/as en difusores/as de denuncia e reivindicación.* *· Fomento da creatividade.*	*· Falta de interese nos medios de comunicación. Non len periódicos nin escoitan informativos.* *· Non coñecen o poder da imaxe.*
CPR Fogar de Santa Margarita	*· Mellorar as súas habilidades comunicativas.* *· Que saiban que o control dos medios é poder, para ben e para mal.*	*· As habilidades comunicativas orais e escritas do alumnado non son boas.*
IES Fernando Wirtz	*· Concienciar a través da fotografía ao alumnado dos problemas que nos rodean.*	*· Atender as propostas do profesorado que é quen mellor coñece ao alumnado.*
CPR La Inmaculada	*· Que os rapaces e rapazas coñezan diferentes técnicas e ferramentas de comunicación que lles son moi atractivas para interiorizar as problemáticas abordadas e concienciar así á sociedade a través de accións de denuncia.*	*· O nivel de coñecemento do alumnado na técnica de fotografía e podcasting (non son ferramentas utilizadas habitualmente nas clases).*
IES Brión	*· Que os fagan pensar.*	*· A idade do alumnado.*

OBRADOIRO TEATRO-FORO. Teatro da oprimida.		
CENTRO	**QUE AGARDADES DA ACTIVIDADE?**	**QUE DEBEMOS TER EN CONTA PREVIAMENTE PARA REALIZALA NO VOSO CENTRO?**
IES Fonmiñá	*· Que sexan conscientes da importancia de perseverar.* *· Que visibilicen as desigualdades e a posibilidade de corrixilas.*	*· Presenza de alumnado de orixe inmigrante, só 3 casos (Cuba e República Dominicana).*
CPR Fogar de Santa Margarita	*· Espertar a solidariedade con este colectivo (xénero-migracións).* *· Que sexan conscientes das dificultades que poden atopar as persoas migrantes (integración persoal, laboral, social,...).*	*· Xa traballaron o tema da empatía no marco do programa de "Habilidades Sociais e Convivencia".*
IES Fernando Wirtz	*· Motivar e implicar ao alumnado.*	*· Atender as propostas do profesorado que é quen mellor coñece ao alumnado.*

CPR La Inmaculada	*· Coñecer o Teatro da Oprimida e como utilizar tamén o teatro como medio de sensibilización e denuncia.*	*· A idade do alumnado de cara á representación (que non sexa demasiado infantil e que, polo tanto, non chegue a engancharlles nin a facelos reflexionar).*
IES Brión	*· Facelos pensar.*	*· A idade, 12 anos.*

ENCONTRO CON COLECTIVOS DO SUR. Unha visita moi especial de Honduras.		
CENTRO	**QUE AGARDADES DA ACTIVIDADE?**	**QUE DEBEMOS TER EN CONTA PREVIAMENTE PARA REALIZALA NO VOSO CENTRO?**
IES Fonmiñá	*· Fomentar a interacción. · Coñecer realidades diferentes ás nosas. · Coñecer exemplos directos de activismo.*	*· Descoñecen a realidade dos países empobrecidos.*
CPR Fogar de Santa Margarita	*· Concienciación e visibilidade dos países do Sur. · Fomentar a participación en accións solidarias cos países do Sur.*	*· Hai que ter en conta a gran cantidade de alumnado inmigrante no centro.*
IES Fernando Wirtz	*· Coñecer outras culturas.*	*· Atender as propostas do profesorado que é quen mellor coñece ao alumnado.*
CPR La Inmaculada	*· Achegarnos con exemplos e vivencias de primeira man á realidade dos países do Sur, coas súas problemáticas e coñecer como están a construír pouco a pouco ese mundo que queremos.*	*· Como centro pertencente á Compañía das Fillas da Caridade coñecemos (pouquiño) a labor de misioneiros relixiosos (PP. Paúis e FF. Caridade) e segrares (MISEVI) que traballan en países do Sur (Honduras, Bolivia...). Tal vez sería posible a coordinación con eles, colaboración nalgún proxecto común...*
IES Brión	*· Que lles impacte a realidade destas persoas.*	*· A idade, 12 anos.*

A información recollida nas fichas anteriores é recomendable que sexa trasladada as persoas que imparten os obradoiros para que sexa tida en conta e poidan adaptar as metodoloxías e/ou contidos nos casos que estimen oportunos.

3.3. SITUACIÓN INICIAL DO ALUMNADO

Segundo as memorias de solicitude de participación no Plan Proxecta elaboradas polos centros, o número de alumnado implicado nesta edición de *O mundo que queremos* é elevado: 463 estudantes, 53% son rapazas. Todas e todos eles estudan educación secundaria obrigatoria no curso académico 2017-2018.

Segundo centro, o alumnado inicial que participará en OMQQ é o seguinte:

IES Fonmiña.
Participan catro aulas, unha por cada curso da ESO, o que se corresponde con todo o alumnado do centro. En total son 56 estudantes, 45% son rapazas.

CPR Fogar de Santa Margarita.
Neste caso participa todo o alumnado de 1º da ESO, 3 aulas, o que representa a 99 estudantes (44% rapazas).

IES Fernando Wirtz.
Solicítase o proxecto para 3 aulas de 3º da ESO, un total de 53 persoas (49% rapazas).

CPR La Inmaculada.
Neste centro participan 2 aulas de 4º da ESO: 41 estudantes, o 66% son rapazas.

IES Brión.
Solicitado o proxecto para 2 aulas de 1º da ESO e outras 2 de 2º da ESO, aglutinando a 39 estudantes (36% son rapazas).

IES Castro Alobre.
O profesorado, no momento de solicitar o proxecto, o orienta a un total de 175 estudantes, 63% de rapazas. Isto significa que traballarase con 2 aulas de 1º da ESO, 2 de 2º da ESO, 2 de 3º da ESO e 2 máis de 4º da ESO.

Para coñecer cal é o seu grao de percepción e coñecemento inicial das temáticas traballadas no proxecto realizouse un cuestionario entre 78 estudantes de 3 centros (34 rapazas e 44 rapaces), 53 de 1º da ESO e 25 de 3º da ESO.

Na primeira parte de cuestionario se presentan doce afirmacións e cada estudante ten que valorar se son verdadeiras ou falsas (ou non saben). Nas gráficas posteriores poden observarse as respostas globais para cada cuestión.

1. Traballar en grupo é máis difícil cando hai persoas doutras culturas



2. Os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible, ODS, poden traballarse desde o meu concello



3. O mundo actual é suficientemente xusto



4. Todas as noticias da TV, radio ou prensa son verdade



5. Non tería un amigo ou amiga doutra cultura porque sería moi difícil entendernos



6. Eu non podo facer nada para mellorar o medio ambiente



7. Gustaríame poder facer algo para que o mundo fora máis xusto



8. Os ODS están deseñados para traballar exclusivamente nos países do Sur



9. As rapazas e os rapaces non poden xogar á mesmas cousas



10. En Galicia non existe o racismo



11. As persoas dos países do Sur non poden ensinarme nada porque non coñecen a realidade de Galicia



12. O feminismo busca a supremacía das mulleres fronte aos homes



Das doce afirmacións anteriores poden extraerse as seguintes conclusións:

1º- O gran descoñecemento que teñen en relación aos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible. As porcentaxes máis elevadas de respostas "non sei" correspóndese xustamente cos enunciados 2 e 8 (cun 79% e 71% respectivamente).

2º- En termos xerais, amosan unha moi boa capacidade para identificar as desigualdades sociais. Maioritariamente manifestan que o mundo é inxusto e que lles gustaría facer algo para mudalo, asumen que en Galicia hai racismo ou son conscientes de que os medios de comunicación non son fiables.

A maior parte do alumnado opina que certas afirmacións (racistas ou sexistas) son falsas, como por exemplo:

- *Traballar en grupo é máis difícil cando hai persoas doutras culturas* (74% do alumnado en contra)
- *Non tería un amigo ou amiga doutra cultura porque sería moi difícil entendernos* (92% en contra)
- *As rapazas e os rapaces non poden xogar ás mesmas cousas* (90% en contra)
- *As persoas dos países do Sur non poden ensinarme nada porque non coñecen a realidade de Galicia* (73% en contra)

Todo isto evidencia unha situación de partida excelente do alumnado participante en canto a coñecementos ou valores relacionados coas temáticas tratadas en OMQQ.

3º- Non obstante, resulta curioso o descoñecemento que se manifesta polo alumando en relación ao feminismo. Ante a afirmación *"O feminismo busca a supremacía das mulleres fronte aos homes"* tan só o 38% das rapazas e rapaces opina que é falsa. O 37% cree que si é certo e 24% recoñece que non sabe.

Desagregando as respostas segundo sexo (táboa 1), en xeral, as diferenzas non son significativas (tendo en conta ademais que co reducida que é a mostra non poderíanse confirmarse pautas xerais). Non obstante, existe unha fenda de case 20 puntos porcentuais en tres das afirmacións que fan pensar que existe unha tendencia a que as rapazas identifican con maior claridade o mundo como inxusto e teñen absoluta certeza de que non existen diferenzas entre nenas e nenos no momento dos xogos. Pola súa banda, os rapaces amosan unha maior desconfianza cara a veracidade das novas dos medios de comunicación.

Por último, resulta sorprendente a desagregación dos datos segundo sexo nas resposta á derradeira afirmación, "*O feminismo busca a supremacía das mulleres fronte aos homes*". Neste caso, case a metade das rapazas pensa que é certo (47%) fronte ao 30% dos rapaces. E quen ten claro que o enunciado é falso representan o 43% dos rapaces fronte o 32% delas. Así, non só se evidencia un gran descoñecemento do que é ou no é o feminismo, senón que son as rapazas quen poden estar máis afastadas do que denota o concepto.

Táboa 01. Percepción do alumnado en relación a varias afirmacións relacionadas coas temáticas de *O mundo que queremos* segundo sexo. Porcentaxe.

ENUNCIADO	MULLER			HOME			TOTAL		
	CERTO	FALSO	NS	CERTO	FALSO	NS	CERTO	FALSO	NS
Traballar en grupo é máis difícil cando hai persoas doutras culturas	26%	71%	3%	7%	77%	16%	15%	74%	10%
Os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible, ODS, poden traballarse desde o meu concello	21%	0%	79%	16%	5%	80%	18%	3%	79%
O mundo actual é suficientemente xusto	3%	91%	6%	7%	73%	20%	5%	81%	14%
Todas as noticias da TV, radio ou prensa son verdade	9%	65%	26%	9%	82%	9%	9%	74%	17%
Non tería un amigo ou amiga doutra cultura porque sería moi difícil entendernos	0%	97%	3%	7%	89%	5%	4%	92%	4%
Eu non podo facer nada para mellorar o medio ambiente	3%	97%	0%	7%	91%	2%	5%	94%	1%
Gustaríame poder facer algo para que o mundo fora máis xusto	94%	0%	6%	89%	5%	7%	91%	3%	6%
Os ODS están deseñados para traballar exclusivamente nos países do Sur	0%	38%	62%	5%	18%	77%	3%	27%	71%
As rapazas e os rapaces non poden xogar ás mesmas cousas	0%	100%	0%	14%	82%	5%	8%	90%	3%
En Galicia non existe o racismo	3%	88%	9%	2%	77%	20%	3%	82%	15%
As persoas dos países do Sur non poden ensinarme nada porque non coñecen a realidade de Galicia	6%	79%	15%	5%	68%	27%	5%	73%	22%
O feminismo busca a supremacía das mulleres fronte aos homes	47%	32%	21%	30%	43%	27%	37%	38%	24%

Fonte: Elaboración propia.

Na segunda parte do cuestionario recóllense once enunciados nos que o alumnado deberá situarse nunha escala do 1 ao 5, sendo 1 "non me sinto nada identificada" e 5 "síntome totalmente identificada".

As respostas neste bloque confirman en termos xerais as tendencias percibidas anteriormente. Por unha banda, de novo manifestan o ser conscientes de que o mundo é inxusto e ademais teñen vontade de facer algo para mudalo (aínda que non teñen clara a importancia do seu rol nese camiño). Saben que o acceso á educación non é un dereito garantido en todo o mundo ou que a cooperación para o desenvolvemento non debe traballar só nos países empobrecidos. Por outra banda, manteñen a súa postura de non sentirse identificadas e identificados co feito de declararse persoa feminista.

Táboa 02. Valoración media da autoidentificación nunha escala do 1 ao 5 (sendo 1 "non me sinto nada identificada" e 5 "síntome totalmente identificada") segundo sexo.

ENUNCIADO	MEDIA		
	MULLER	*HOME*	*TOTAL*
1. Penso que o mundo actual non é xusto	4,2	3,9	4,0
2. Vivir en contextos culturalmente diversos é algo enriquecedor	3,7	3,6	3,6
3. As miñas pautas de consumo gardan relación coas desigualdades no mundo	3,3	3,0	3,1
4. Sempre que podo trato de axudar ás miñas compañeiras e compañeiros	4,7	4,4	4,6
5. Estou disposta/o a facer algo para que o mundo sexa máis xusto	4,6	3,8	4,2
6. Son feminista	2,6	2,1	2,3
7. Sinto que son importante para cambiar o mundo	3,2	2,7	2,9
8. Os Dereitos Humanos están garantidos en todo o mundo	2,8	2,9	2,9
9. A cooperación para desenvolvemento só é importante nos países do Sur	1,7	2,0	1,9
10. Todas as nenas e nenos do mundo van á escola	1,9	2,5	2,2
11. O que eu comparto nas redes sociais non axuda a cambiar o mundo	2,7	3,0	2,9

Fonte: Elaboración propia.